<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación.</li> <li>- Medición.</li> <li>- Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter áreas, volumes e capacidades en formas tridimensionais.</li> <li>- Uso de representacións planas de obxectos tridimensionais para visualizar e resolver problemas.</li> <li>- Representación de obxectos tridimensionais usando os medios tecnolóxicos máis adecuados.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características.</li> <li>- Identificación da relación pitagórica e o seu uso no cálculo de medidas en figuras planas e tridimensionais.</li> <li>- Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	Funcións. Táboas e gráficas	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Identifica as funcións lineais e non lineais e estuda as propiedades relevantes das funcións a partir das táboas e gráficas interpretando e modificando algoritmos.	PE	100
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Modeliza as relacións lineais en situacións da vida real e representa distintos tipos de rectas a partir da súa ecuación establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática.		
CA4.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Usa software específico para a construción de gráficas e como apoio para xustificar os razoamentos dun problema utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelo matemático.</li> <li>- Modelización de situacións sinxelas da vida cotiá usando representacións matemáticas e a linguaxe alxébrica.</li> </ul>

**Contidos**

- Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada.
- Variable.
- Comprensión do concepto de variable nas súas diferentes naturezas.
- Igualdade e desigualdade.
- Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais e cadráticas en situacións da vida cotiá.
- Relacións e funcións.
- Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación (táboa, gráfica, fórmula).
- Identificación de funcións, lineais ou non lineais, estudo e comparación das súas propiedades a partir das súas gráficas ou expresións alxébricas.
- Identificación de relacións cuantitativas e determinación da clase ou clases de funcións que a modelizan en problemas propios doutras materias ou do mundo real.
- Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas a partir de situacións contextualizadas.
- Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas.
- Pensamento computacional.
- Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións.
- Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.
- Uso de calculadoras gráficas e software específico para a representación de funcións e a análise dos seus elementos característicos.

UD	Título da UD	Duración
13	Estatística e probabilidade.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Identifica e fai propostas de experimentos deterministas e aleatorios poñendo exemplos de cada un deles.	PE	100
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza os datos dados dunha variable unidimensional e constrúe a táboa de frecuencias descompoñendo un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización interpretando e modificando algoritmos.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable unidimensional establecendo e aplicando conexións dos datos co mundo real.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa conceptos, procedementos e resultados de estatística e probabilidade usando diferentes ferramentas (lapis e papel, calculadora e/ou software estatístico) e valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados, utilizando, describindo, explicando e xustificando razoamentos, procedementos e conclusións.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística sinxela recollida en medios de comunicación e outros ámbitos, empregando a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización e análise de datos.</li> <li>- Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas.</li> <li>- Recollida e organización de datos en situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable. Frecuencias.</li> <li>- Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folia de cálculo, aplicacións...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas.</li> <li>- Medidas de centralización e dispersión: interpretación e cálculo.</li> <li>- Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás medidas de centralización e dispersión.</li> <li>- Uso das medidas de dispersión como complemento da media para explicar a distribución dos datos.</li> <li>- Cálculo e interpretación das medidas de centralización e dispersión, con apoio tecnolóxico, en contextos da vida real.</li> <li>- Uso de técnicas estatísticas para o tratamento de grandes cantidades de datos.</li> <li>- Contribución da estatística ao progreso da sociedade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
14	Matemáticas para a vida en sociedade	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento</li> </ul>

## Contidos

- humano desde unha perspectiva de xénero.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaranse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado para poder adaptarse a cada grupo de estudantes e así rendibilizar ao máximo os recursos dispoñibles.
- A adquisición dos conceptos farase de forma intuitiva, adquirindo rigor matemático a medida que o alumnado avanza. Ao mesmo tempo, deberanse traballar destrezas numéricas básicas, así como estratexias persoais que lles permitan enfrontarse a diversas situacións problemáticas da vida cotiá.
- Debemos conseguir tamén que os alumnos e as alumnas saiban expresarse oral, escrita e graficamente cun vocabulario específico de termos e notacións matemáticas.
- Por outra parte, a resolución de problemas debe considerarse como unha práctica habitual integrada no día a día da aprendizaxe das matemáticas.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais e de proxectos para investigar e descubrir, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.
- Traballo en pequenos grupos (3 ou 4 alumnos/as) no desenvolvemento das actividades e problemas propostos.
- Emprego da aula virtual para, de ser necesaria, unha comunicación entre profesorado e alumnado. Empregarase tamén para proporcionarlle ao alumnado material de reforzo.
- Ante a existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado, propoñeranse actividades de reforzo, para traballar os contidos básicos, e de ampliación.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (Editorial Anaya).
Fichas de actividades de consolidación.
Fichas de actividades de reforzo e/ou ampliación para a inclusión e a atención á diversidade.
Calculadora.
Recursos dixitais.
A aula virtual como canle de información e comunicación co alumnado.
Aula de informática.
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo).

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo ao comezo do curso e tamén de cada unidade. A súa función é coñecer o punto de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial realizarase de diversas maneiras a través de tarefas desenvoltas na aula e co traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións da programación con actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario. Terá pois un carácter informativo e de diagnóstico.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>6</b>	<b>9</b>	<b>6</b>	<b>4</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>5</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	0	<b>92</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	100	<b>8</b>

### Criterios de cualificación:

Realizarase unha avaliación inicial na primeira semana de clase.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións.

A cualificación de cada avaliación obterase do seguinte xeito:

- 80 % avaliación de contidos, probas obxectivas e traballos: faranse (polo menos) dúas probas de contidos por avaliación.
- 20 % avaliación formativa: Valorarase o traballo na clase e na casa, así como a actitude na aula (interese, participación...). Valoración de posibles traballos grupais ou individuais e revisión do caderno. Empregarase unha rúbrica.

A cualificación da avaliación parcial será unha puntuación comprendida entre 1 e 10. Unha cualificación inferior a 5 supón que dita avaliación non está superada.

### Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere unha avaliación terá a oportunidade de realizar unha recuperación da mesma.

A recuperación dunha avaliación parcial non superada consistirá nunha proba escrita que versará sobre todos os contidos traballados na avaliación. A cualificación desta proba terá un valor numérico comprendido entre 1 e 10; este

valor substiturá á nota obtida na avaliación parcial non superada.

Haberá unha recuperación por cada unha das avaliacións.

O procedemento para a obtención da cualificación final da materia será o seguinte. Realizarase a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais. A materia terá unha cualificación positiva se a media aritmética das avaliacións parciais é igual ou superior a 5. Coa fin de incrementar a cualificación obtida polo alumnado que non acade unha cualificación positiva na materia unha vez realizado o cálculo da media aritmética, realizarase unha proba final, organizada nunha ou en varias partes, sobre os contidos traballados da materia ao longo do curso. Para preparar esta proba final realizaranse actividades de reforzo sobre os contidos da materia.

O alumnado que acade unha cualificación positiva na materia unha vez realizada a media aritmética das avaliacións parciais, realizará actividades de reforzo e ampliación que non suporán unha modificación na cualificación previamente acadada.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Para facilitar ao alumnado que ten as matemáticas pendentes a súa recuperación, dividiranse os contidos relativos á materia pendente en dúas partes. Para a preparación de cada unha delas faráselle entrega dun boletín de exercicios e actividades. O primeiro boletín entregaráselle en outubro e o segundo en decembro. Examinaranse dos contidos de cada unha das partes a través dunha proba. A proba relativa aos contidos da primeira parte realizarase antes da primeira avaliación e a proba relativa aos contidos da segunda parte realizarase antes da segunda avaliación.

O alumnado disporá dunha atención personalizada por parte da xefa do departamento e tamén da súa profesora actual, para aclarar calquera dúbida que poida ter na elaboración dos exercicios e actividades dos boletíns.

Farase un seguimento do traballo do/a alumno/a para comprobar que está a realizar as actividades propostas e que a resolución das mesmas é correcta. Os boletíns correspondentes a cada unha das partes deberán ser entregados resoltos antes da realización de cada unha das probas.

O alumnado e a súa familia terán información sobre a progresión da materia pendente na 1ª avaliación e na 2ª avaliación despois de realizar a proba correspondente. Da cualificación final informarase na avaliación ordinaria do mes de xuño.

A proba de cada unha das partes cualificarase cunha puntuación entre 1 e 10. Se o/a alumno/a non asiste á realización da proba por causa non xustificada documentalmente, a cualificación desa parte será 1.

Se a media aritmética entre as cualificacións das dúas partes é 5 ou máis de 5 o/a alumno/a terá a materia superada. En caso contrario, indicaráselle a parte ou partes das que deberá examinarse de novo. Aquel alumnado que teña que recuperar unha ou as dúas partes realizará unha proba final no mes de maio.

A cualificación da materia, no caso de ter que recuperar unha parte, obterase facendo a media aritmética entre a cualificación da parte superada ao longo do curso e a nova cualificación da outra parte, unha vez realizada a proba de maio. A cualificación da materia, no caso de ter que recuperar as dúas partes, será a cualificación obtida na proba realizada en maio.

Se a cualificación obtida despois de realizar a proba de maio é igual ou superior a 5 a materia considerarase superada na avaliación final. Se esta cualificación é inferior a 5, estes contidos avaliaranse nunha derradeira proba a realizar no mes de xuño, na que o alumnado poderá incrementar a súa cualificación.

No caso de que algún/algunha alumno/a non superase a materia pendente despois da derradeira proba, estudarase a súa evolución na materia do departamento de matemáticas correspondente ao curso actual: se a cualificación final da materia de Matemáticas do curso superior é positiva (igual ou superior a 5), o departamento considera que o estudante ten acadados os obxectivos da materia do curso anterior e obterá una cualificación de 5 na materia pendente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como as seguintes: ás formas de aprender, aos ritmos de aprendizaxe e de traballo, á motivación, á capacidade intelectual, á capacidade de dispersión, á madurez, á diversidade cultural, á incorporación tardía ao sistema educativo, aos coñecementos previos e ao nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo, os cales serán postos en marcha dende o momento que se detecten dificultades de aprendizaxe ou altas capacidades.

Tendo en conta os problemas de atención e concentración que presentan certos alumnos e alumnas do centro, seguiremos as indicacións do equipo de orientación. Consistirán basicamente nunha serie de pautas ou medidas que se poderán seguir no traballo na aula e que suporán adaptacións non significativas (na metodoloxía fundamentalmente) para dar resposta ás súas dificultades. Un exemplo sería unha ubicación máis próxima dos

mesmos ao encerado.

Facilitaremos ao máximo a participación en todo tipo de premios e competicións aos alumnos e alumnas con mellores cualificacións ou elevadas capacidades. Ademais, alentaremos a ese alumnado, na medida do posible, mediante a proposta de retos e problemas que poidan supoñer unha fonte de satisfacción.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional, cívica e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade, a autonomía e o traballo en equipo.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional, cívica e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade, a autonomía e o traballo en equipo.	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.8 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Do mesmo xeito, promoveremos a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos. Prestaremos especial atención tamén á prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoración do Día das Matemáticas.	Realización de actividades para conmemorar este día.		X	
Concurso de fotografía matemática.	Proporase ao alumnado a participación no concurso de fotografía onde a temática será a presenza das matemática na vida cotiá.			X
Xincana.	Combinación de exercicios matemáticos e probas físicas.			X
Participación nas Olimpíadas matemáticas	Proporase ao alumnado a participación na olimpíada matemática organizada por AGAPEMA.			X
Conmemoración do Día da Muller Matemática.	Realización de actividades para conmemorar este día.			X

#### Observacións:

Proporanse outras actividades que poidan xurdir ao longo do curso para fomentar o interese polas Matemáticas: exposicións, charlas, visitas, obradoiros, ....  
A realización de bingos para repasar de cara as probas de contidos e a visualización de vídeos de carácter divulgativo, do matemático Eduardo Saénz de Cabezón, estarán presentes na aula ao longo de todo o curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado.
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.

Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes.
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva.
Medidas de atención á diversidade
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa.
Atención adecuada á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias.
Implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado.

#### **Descrición:**

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto **156/2022** no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada pola persoa docente implicada no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente a adecuación da secuenciación e da temporalización e o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.

### **9. Outros apartados**